

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 24 de novembro de 2014 pola que se publica a concesión dos premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2013/14, convocados pola Orde do 18 de agosto de 2014 (Diario Oficial de Galicia do 26 de agosto).

A Orde do 18 de agosto de 2014 (DOG do 26 de agosto) pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal, correspondentes ao curso 2013/14, establece no seu artigo 12.2 que o titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita pola comisión ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que recollerá a relación de códigos alfanuméricos dos premiados.

Unha vez publicada a relación provisional da proposta, dado cumprimento ao disposto no citado artigo 12.2, vista a acta coa proposta definitiva da comisión de selección de adxudicación dos premios e por proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal, correspondentes ao curso 2013/14, ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Esta orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2014

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO
**Premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal
correspondentes ao curso 2013/14**

CÓDIGO PERSOAL
RLJEC3XK
FQVM73HF
H1SL9GDB
CWF01SGE
HCPZYQ4L
R8PEUOHJ
I3RWAMH2
62FLSYVQ
57OJXWVN

